

CSI-CSIF NA MESA SECTORIAL DO DIA 26 DE Maio.

CSI-CSIF solicitou onte na mesa Sectorial, que de cara á petición de destinos para o profesorado en expectativa, interinos e substitutos de Secundaria, e as prazas de Conservatorio Superior saian diferenciadas das do grao medio; que tódalas prazas vacantes saían co perfil adecuado. En Mestres, que as vacantes saian cos perfís correctos e que saian agora todas.

Vanse convocar dúas bolsas de traballo, unha para Arte Dramático e outra para FP, para Ciclos Formativos dos módulos profesionais de elaboración e reparación de audoprótese e o de elección e axuste de próteses auditivas. Neste senso, **CSI-CSIF pediu que as convocatorias saian con garantías, para que logo non vaian impugnalas e esto retrase a incorporación do profesorado aos centros.**

-Sobre a orde de indemnización por accidente para inspectores, proposta pola Consellería, **CSI-CSIF solicitou que se extendera a todos os docentes que se teñan que desplazar por razóns de servizo, e de non ser así, que se retirara.** A consellería manifestouse disposta a negociar, pero nunca se sabe.

Asimismo, informamos que o concurso de traslados sairá o 31.

As permutas provisionais por un ano, pasan a chamarse Comisións de SErvizo a petición recíproca, pero manterase a orde e o funcionamento das mesmas ca en anos anteriores.